

## **ANULACIÓN OFERTA. Resolución do 25 de setembro de 2024 pola que se convoca concurso público de méritos 21/24 para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación.**

Con data 25 de setembro de 2024, publicouse a resolución da Universidade de Vigo pola que se convoca concurso público de méritos por tramitación de urxencia 21/24, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación.

A proposta de contratación 2124-139268, dunha praza de Técnico Superior de apoio á investigación modalidade C, baixo a modalidade dun contrato de duración determinada por circunstancias da produción, presentada pola investigadora principal María Luisa Rúa Rodríguez e financiada con cargo ao proxecto de investigación K260131H6460211,

Unha vez comprobado polos asuntos económicos responsables da xestión dos gastos desde proxecto, que non existe crédito suficiente para facer fronte á contratación,

**esta Reitoría RESOLVE anular a oferta de referencia 2124-139268** da convocatoria do concurso público de méritos por tramitación de urxencia 21/24, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 27 de setembro de 2024  
María Belén Rubio Armesto,  
Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación  
(Por delegación do reitor, RR 22/06/2022 – DOG do 06/07)

